

## **BORRADOR ACTA DA XUNTANZA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CHAPELA 30.09.2014**

### **ORDE DO DIA**

- 1.- Aprobación das actas anteriores.
- 2.- Placa piscina de Chapela.
- 3.- Entrada a Cidadelle.
- 4.- Praia de Arealonga (Escolleira, verquidos ao río, etc.).
- 5.- Edificio entrada á AP-9. Opinións.
- 6.- Comisións de festas (permiso eventos, coordinación con asociacións, actividades conxuntas etc.).
- 7.- Acción conxunta para evitar verquidos en montes, fora de contenedores, etc. Campaña de choque.
- 8.- Obra do Penisal.
- 9.- Parques infantís.
- 10.- Orzamentos participativos.
- 11.- Rogos e preguntas.

No multiusos de Chapela, sendo as vinte horas e quince minutos do día trinta de setembro de dous mil catorce, baixo a Presidencia, por delegación do Alcalde de Redondela, de Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, actuando como secretaria eu mesma, M<sup>a</sup> Nieves Boullosa Rodríguez, e coa asistencia dos/as representantes formalmente propostos e convocados que a continuación se relacionan, constitúese o Consello Parroquial de Chapela, en sesión ordinaria conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

### **REPRESENTANTES DOS GRUPOS POLITICOS MUNICIPAIS**

PP. Teresa Paris Blanco  
PSOE: Eduardo José Reguera Ocampo  
BNG: Xosé Xabier Balsas Barbeira  
AER: Javier Bastos Devesa

### **3.- REPRESENTANTES DE ENTIDADES VECIÑAIS**

- Perfecto García Martínez (en substitución de Roberto Villar Rodríguez)
- Cesar Domínguez Fernández

### **3. REPRESENTANTES DAS ASOCIACIÓNS CULTURAIS**

- Emilio Martínez Castrelos

### **1.- REPRESENTANTE DAS ASOCIACIÓNS DEPORTIVAS**

- Rafael Baltasar Cela Acevedo

### **1.- REPRESENTANTE DAS ANPAS**

- Carlos Álvarez Vidal

### **1.- REPRESENTANTE DA UNION DE PENSIONISTAS**

- M<sup>a</sup>. Esther Barreiro Vilar

Pola presidencia, declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar a Orde do Día.

#### 1.- Aprobación das actas anteriores.

Pola Presidencia sométense a aprobación as actas dos Consellos Parroquiais celebrados en datas 03.06.14 e 15.07.14. Cesar Domínguez, pide que se modifique o apartado “Representantes Asociacións veciños” por “Representantes da AP-9”. Quedan aprobadas por maioría dos/as membros presentes coa abstención na acta do día 03.06.14, por non asistir a dita xuntanza de (Javier Bastos, Teresa Paris e Emilio Castrelos) e na acta do 15.07.14 de (Teresa Paris, Emilio Castrelos e Carlos Alvarez).

#### 2.- Placa Piscina de Chapela.

Eduardo Reguera, manifesta que hai temas mais importantes ca placa da piscina para solucionar en Chapela, como Fomento, as afeccións da autopista, a nova estación de ferrocarril de Chapela pero non se move ficha.

O Presidente manifesta que si ten interés pode aportar puntos para a orde do día. Que no Pleno xa se falou da AP-9 e xa non se fixo proposta porque xa se levara o tema a semana pasada ao Pleno.

Xavier Balsas, manifesta que debatiuse unha moción no Pleno da AP-9, pero que podese convocar antes o Consello e falar do tema, porque todo é cuestión de vontade, e que en relación coa placa se absten xa que non se vai pronunciar, o que hai que tratar e de si se sacan todas as placas que hai no Concello de Redondela, e que a decisión que a tome o goberno.

O Presidente manifesta que leva este tema ao Consello parroquial para debatir xa que hai veciños que queren que se retire a placa.

Eduardo Reguera, manifesta que nun Pleno acordouse que a partir desa data non se poñían placas nin se retiraban as anteriores. Que si o goberno quere quitala que a quite pero que despois non diga que foi decisión do Consello Parroquial, que el se absten pero que non se pode facer participe os demais dunha responsabilidade do goberno.

Teresa Paris, manifesta que a idea de tirar a placa non foi de nadie do grupo, que foi en conversas con asociacións que pediron que se tirara a placa.

Xavier Balsas, pide que se leve unha moción o Pleno donde se propoña quitálas todas, hai outro tipo de símbolos moito mais graves e non se quitan.

Cesar Domínguez, manifesta que a placa chegou antes de tempo, xa que hai unha parte da cidadanía que non esta dacordo porque se puxo antes de terminar a obra e están en contra xa que non debía de colocarse e hai que quitála.

Esther Barreiro, manifesta que hai que quitála.

Carlos Alvarez, manifesta que non como ANPA, si non como membro da AP-9 a placa é un insulto e pide que se retire xa, porque non tiña que estar agora.

Javier Bastos, manifesta que defenderon que se quitara.

Baltasar Cela, manifesta que a placa non debería estar posta.

Emilio Castrelos, manifesta que el se absten.

Eduardo Reguera, manifesta que a decisión do Pleno foi non colocar mais placas e non quitar as anteriores, e que non se debería de levar esa proposta ao Consello, xa que se esta votando en contra dun acordo plenario e somos representantes da cidadanía.

Javier Bastos, manifesta que a proposta nace de cando viñeron a Chapela a informar da piscina, e por parte do público pediuse a retirada da placa.

Baltasar Cela, manifesta que antes de votar no pleno xa estaban en contra. E que o Presidente leva o Consello os temas que se lle piden.

### **3.- Entrada a Cidadelle**

O Presidente manifesta que xa chegou o expediente do Xulgado de expropiación de Santiago, co Concello xa esta en contacto cos veciños para presentar a documentación, había dúas alegacións pero que non se van a ter en conta e seguise co proceso para adiante, a valoración dos terreos é sobre 65.000,00 euros e sacarase a concurso.

### **4.- Praia Arealonga (escolleira, verquidos ao río, etc.).**

O Presidente manifesta que se solicitou a Augas de Galicia a limpeza do río Maceiras e Pugariño, e xa están limpando o Maceiras.

Javier Bastos, pregunta si están controlando os verquidos, e si os técnicos estudian onde teñen que verter esas casas.

O Presidente manifesta que hai xente que esta detectando os verquidos para atallalos, e o proceso que teñen que facer en vez de facer un bombeo pequeno e levalo ata abaixo.

Teresa Paris, di que pode haber acometida e hai verquidos igual.

Cesar Domínguez, pregunta si esa zona non se pode conectar coa zona de Pasan que telefónica meteu un tubo de 30 por debaixo da autopista.

O Presidente manifesta que se pode aproveitar onde esta o tubo grande meter outro e separar as augas fecais das pluviais.

Fixeron análisis da auga e a da praia do Mende a auga é de boca calidade, a de Rande suficiente, a de Cesantes excelente e a de Chapela insuficiente.

Javier Bastos, pregunta si se teñen as lecturas do que se verteu en Teis.

O Presidente, manifesta que as vai pedir. Que en relación coa calificación da auga collen os análisis dos últimos catro anos.

Baltasar Cela, pregunta si se van a tapar as arquetas que estan mal postas.

O Presidente, manifesta que hai que modificalo si se fai bombeo, ou por debaixo da autopista e se leva abaixo e collese o resto das casas e bombean para arriba.

Cesar Domínguez, manifesta que o que hai que facer é un colector polo río.

O Presidente manifesta que Augas de Galicia non deixa meter tubos polo río. Que en relación coa escolleira firmouse un convenio Costas, Autoridade Portuaria e Concello, pedíronse presupostos para saber o que custa, Costas di que se pode facer que da autorización pero que fagamos e paguemos nos.

Xavier Balsas, pregunta si hai un informe técnico que diga que iso vale para algo. Hai catro anos fixo un estudio gratuito a Universidade e na praia non se podía retirar as pedras.

O Presidente manifesta que xa estiveron técnicos de Costas, que os veciños din que son 4 pedras pero preguntouse canto custa e o importe é entre 28.000 e 30.000 euros.

Eduardo Reguera, di que habera que saber si se vai facer ou non, ou si vai ser peor para a zona.

## **5.- Edificio entrada á AP-9. Opinións.**

O Presidente manifesta que en relación co edificio podería destinarse a usos ocupacionais, e facer algo xa que é un esperpento.

Javier Bastos, pregunta cal é a situación da licenza do edificio, de si é ilegal e de si a licenza estara caducada.

Baltasar Cela, manifesta que a última planta é ilegal.

Eduardo Reguera, pregunta si o Concello ten idea de comprar o edificio, e si a finca da Jinaria non é suficiente, como para propoñer o que se vai facer co edificio

O Presidente manifesta que o Concello podería compralo si pode ser factible e hai diñeiro.

Javier Bastos, pregunta si o Concello sabe que pode facer algo, si hai informe xurídico.

O Presidente manifesta que se mirou a finca da Jinaria e o edificio, e si se consegue gratis a finca da Jinaria e si hai medios poñer o edificio legal para dotacións.

Cesar Domínguez, manifesta que o terreo da Jinaria esta destinado ao colexio, posible garderia e cento de día. No edificio non se pode meter nin a gardería, nin o centro de día, que si o Concello pon o edificio a funcionar é factible que se compre o edificio, que cando se fai este plantexamento e porque iso é viable e a parroquia necesita servizos.

Xavier Balsas, manifesta que nadie se opon a que Chapela teña mais servizos pero antes de legalizar chanchullos urbanísticos hai outros edificios parados legais que non puderon ser acabados. Que lle daría vergoña propoñer legalizar unha obra cando hai outras paradas que son legais.

Javier Bastos pregunta si non hai problemas polo río.

O Presidente manifesta que no, que o problema é pola última planta.

Eduardo Reguera, manifesta que si se ten pensado comprar o polígono de autopistas podese facer un edificio en condicións e pode estar todo no mesmo sitio, si non vai estar todo dispersado.

O Presidente manifesta que as Asociacións estan reivindicando un sitio para concentrar as dotacions ocupacionais, e que o edificio é un esperpento.

Javier Bastos, pregunta si hai informe xurídico para saber o que se poder facer no edificio.

Teresa Paris, manifesta que de interesar faise o cambio de uso e pidese informe.

Cesar Domínguez, manifesta que estan dacordo de que o edificio sea invertido a parroquia, hai que mirar si serve o edificio para ben social da parroquia.

Esther Barreiro, di que o seu colectivo esta dacordo con que se compre o edificio.

O Presidente manifesta que segundo o arquitecto o edificio non necesita demolición.

#### **6.-Comisións de festas (permisos eventos, coordinación con asociacións, actividades conxuntas etc.).**

O Presidente manifesta cas Asociacións teran que poñerse dacordo a hora de organizar eventos ou actividades xa que hai unha descordinación total na parroquia, xa que hai que facer unhas festas en condicións.

Javier Bastos manifesta que xa houbo a comparecencia de Alberto Pazos (antigo concelleiro de cultura) para que non coincidan os eventos que se organizan na parroquia.

Emilio Castrelos, manifesta que a principios de ano se reunen para que non coincidan os actos pero o final sempre coinciden algúns.

Carlos Álvarez, manifesta que fixeron a fogueira de San Xoan e que tiñan permiso, cando nun Consello o Presidente manifestou que so poderían pedir permiso as Asociacións de Veciños.

O Presidente manifesta que fan as fogueiras e deixan puntas, vasos e non deixan a praia en condicións igual que os da festa do Berete, debe organizalo unha asociación e facerse algun responsable.

Cesar Domínguez, manifesta que eles non van a solucionar o problema, que o solucione o Concello que é quen o ten, que corte de raíz e que non traia o problema ao Consello parroquial.

Eduardo Reguera, manifesta que hai que tomar medidas.

O Presidente manifesta que se puxeron condicións e non as cumpren.

Baltasar Cela, manifesta que si non as cumpren que paguen unha multa. Xa que hai que tomar medidas.

Carlos Alvarez, manifesta que a fogueira podese facer nunha esquina e non no medio da praia, e os eventos que se organizan na zona da praia cando pidan permiso decirlle que se poñan en contacto cunha Asociación.

Perfecto García, manifesta que hai que ter unha responsabilidade.

O Presidente manifesta que algúns casos se lle pide unha fianza.

#### **7.- Acción conxunta para evitar verquidos en montes, fora de contenedores, etc. Campaña de choque.**

O Presidente manifesta que se encargaron carteis pero faise caso omiso, que se vai facer unha campaña limpando zonas.

Esther Barreiro, manifesta que limpiase un día e o outro esta igual.

## **8.- Obra do Penisal**

O Presidente manifesta que en relación coa obra do Penisal xa esta empezada e vai de abaixo hacia arriba.

Eduardo Reguera, manifesta que a obra empeza agora que empezou o curso.

Teresa Paris, manifesta que a obra non empezou antes porque non tiña todos os permisos.

Carlos Álvarez, manifesta que preguntou ao Alcalde polo plan de Seguridade da obra e quedou de que se iba a reunir con nos.

O Presidente manifesta que se reuniu coa empresa e os profesores.

## **9.- Parques infantis**

O Presidente manifesta que todo o mundo quere que os parques esten arranxados pero moitos non cumpren a normativa.

Eduardo Reguera, pregunta cantos cartos se gastou para parques infantis entre o Concello e a Deputación.

Xavier Balsas pregunta si as obras dos parques son da Deputación ou Concello.

O Presidente manifesta que as obras dos parques son da Deputación e Concello.

Baltasar Cela, pregunta quen colocou a alambrada do parque no torreiro da Igrexa si foi o Concello ou a empresa porque esta mal colocada.

O Presidente manifesta que cree que foi o Concello pero que o comunicara a Concelleira responsable de parques e xardíns.

Javier Bastos pregunta si é obligatorio o chan de caucho.

O Presidente manifesta que pode ser con terra ou area.

Cesar Domínguez, manifesta que o problema dos parques son os cans.

O Presidente manifesta que o parque de Arealonga, Cidadelle e Pasan cambian elementos e algúns casi todos, en mes e medio empeza o de Cidadelle e outros antes de acabar o ano menos o da Alameda porque pediron unhas torretas.

Carlos Álvarez, manifesta que el nun proxecto viu que no parque do multiusos se modificaba algo.

O Presidente manifesta que non van todos.

## **10.- Orzamentos participativos**

O Presidente manifesta que no Consello parroquial de data 15.07.14 acordouse realizar as seguintes prioridades: Colocación de aire acondicionado no auditorio do multiusos, Arranxo de accesibilidade nas escaleiras da terraza do Sumy e acceso dende Avda. de Redondela a Avda Vigo, e que en relación coa colocación do aire acondicionado ten 5 ou 6 presupostos que van de 19.200 euros sen IVE a 35.000 euros.

Perfecto García pregunta si o aire renovable que hai no auditorio mirouse si funcionan os motores, porque as canalizacións estan feitas.

Javier Bastos di que hai canalizacións e o mellor hai máquina de aire e hai que mirar si funciona.

O Presidente manifesta que os técnicos estan facendo unha memoria para arranxo de accesibilidade nas escaleiras da terraza do Sumy, as escaleiras seran mais anchas, desaparece a rampa, porase varanda e mellora o alumeadado e o custe sera sobre uns 10.000 euros dependendo dos materiais.

Perfecto García, manifesta que en relación co sendeiro era mais ancho pero os do lado fixeron peche e quedou mais estreito.

Esther Barreiro, manifesta que o importante é arranxar o sendeiro ainda que sexa estreito..

## **11.- Rogos e preguntas**

Baltasar Cela, pregunta que a mediados do ano habia prisa para aprobar a garderia, ibase a facer en montes e non se sabe nada.

O Presidente manifesta que mandouse escrito a Montes para facer a cesión e Montes non contestou, os cartos hai que volver a pedilos xa que hai uns prazos para rematar.

Eduardo Reguera, manifesta que quen vai creer que se pediu permiso a Comunidade de Montes e que non contestou, o que pasa e que ese non é o lugar axeitado pero que se empeñaron en solicitar o permiso non contestan e agora perdense os cartos.

Baltasar Cela, manifesta que se quedou en que si non se usaba que habia posibilidades de ampliar prazas en Redondela.

Cesar Domínguez, manifesta que o primeiro prantexamento foi ubicala nos baixos do colexio Angorén, o cal era unha aberración, despois en San Vicente no inverno era unha penuria, cando se desistiu quedouse que se iba a facer no terreo de



Montes, xurdiu o da finca da Jinaria e preguntouse que iba a pasar con eses cartos, eses cartos perderon e dixose que non habia problema e agora van desaparecer os cartos e quedou claro que non se perdían.

Teresa Paris manifesta que si non temos posibilidades en Chapela obviamente tendríamos que ampliar prazas na gardería de Redondela, pero temos a posibilidade de ter un terreo para garderia.

Cesar Domínguez, manifesta que se dixo que os cartos que se iban a xestionar e que non ía haber problema.

Teresa Paris, manifesta que si temos posibilidades na Jinaria, sinon preguntar a Montes si é factible, olvidanse os terreos da Jinaria e Montes si ou non.

Baltasar Cela, manifesta que así do número 1 pasase ao número 30 ou 40 e tiñase alternativa de prazas en Redondela .

Teresa Paris, manifesta que si vai a Consellería e di que metan as prazas en Redondela é moito mais difícil.

Cesar Domínguez, manifesta que si dentro dun mes ou dous non hai terrenos vai para o monte.

O Presidente manifesta que prantexase que os terreos os compre outro é o de ao Concello.

Javier Bastos manifesta que hai que convertilo en dotacional sinon Audasa igual non o da.

Perfecto García pregunta como esta o alumado público.

O Presidente manifesta que hai 31 cuadros obsoletos que quedan 6 por arranxar 1 na Avda. Redondela e 1 na Avda. de Vigo e 4 mais dispersos.

Perfecto García manifesta que leva 5 anos pedindo o arranxo das farolas xa que estan todas sin tapas, cheas de papeles e un día vai haber unha desgracia, hai que poñelas tapas.

O Presidente manifesta que se esta mirando toda a situación de Redondela que se estan tomando medidas para cambiar cuadros, haber en que condicións para aforro enerxético

Baltasar Cela, manifesta que prometeuse que os orzamentos participativos ían a subir e quedaron igual que o ano pasado, e porque non se pide ter mais participación.

O Presidente manifesta que hai algunha obra que afecta a dúas parroquias e podense xuntar, pero un 2 o 3 por cento e todo o diñeiro e pouco para o que se quere facer.

Xavier Balsas manifesta que os orzamentos participativos estan mal prantexados xa que non significa ter mais cartos e repartir, significa que antes de elaborar os orzamentos no Concello hai que preguntar no Consello parroquial as propostas, e o Goberno decide si da ou non, estase tirando diñeiro en cousas que non son primordiais. Estes orzamentos son un derroche de diñeiro e un conflito entre parroquias.

Eduardo Reguera manifesta que daballe os parabens a idea dos orzamentos participativos, pero hai que facer antes do orzamento proxectos de cousas importantes, hai que ir un pouco mais ala. Que incluso poderianse xuntar os cartos dos orzamentos participativos e acordar facer pois o mellor algun saneamento nalgunha parroquia que non o teña.

O Presidente manifesta que no próximo consello se leven proxectos para os orzamentos participativos 2015.

Teresa Paris, manifesta que o normal é que parta da veciñanza e que sexa recollida aquí, é o segundo ano que se esta facendo e non hai experiencia previa en nengunha parroquia.

Javier Bastos, pregunta que pasa coa ponte de Cubillón.

O Presidente manifesta que na reunión quedaron en que en 6 meses presentaban o proxecto pero ainda non foi presentado, pero comprometeronse a facer o cambio da ponte, no proxecto estaba todo e o Alcalde pediu ao menos facer a ponte.

Javier Bastos, pregunta si se moveu ficha en relación co tema do apeadeiro.

O Presidente manifesta que hai o compromiso de facer a pasarela.

Eduardo Reguera, manifesta que o Director Xeral de Fomento no Senado comprometeuse en 3 meses a facela.

Javier Bastos, manifesta que hai queixas dos veciños do camiño Gabian porque hai unha tubería rota.

O Presidente manifesta que limpiouse o camiño e requeriuse os veciños xa que a tubería rota esta dentro do terreo dos veciños para que arranxen sinon vanse a sancionar.

Javier Bastos, pregunta si todos os terreos da AP-9 non edificables van a seguir pagar IBI como si foran urbanos.

O Presidente manifesta que non pode dar resposta agora.

Teresa Paris, manifesta que a liña de afección exterior sigue igual, e si se pagaba por urbanizable seguirase pagando por urbanizable.

Perfecto García, pregunta como esta a comisión de investigación da piscina.

Teresa Paris, manifesta que na última reunión acordouse:

- 1º Citar comparecencias coa concesionaria.
- 2º Pedir 3 orzamentos para facer valoración de como esta funcionando a piscina e pasalos as persoas da comparecencia.

Unha das persoas da comparecencia non se pudo encontrar porque vive fora de Galicia. Outra das notificadas a carta volveu ao Concello polo que se vai a notificar por segunda vez.

E, non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as vinteduas horas e cuarenta minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende a presente ACTA, da que, como Secretaria, dou fe.